

# **ESTATUTOS DA FUNDACIÓN PARA A INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN RAMÓN DOMÍNGUEZ**

## **TÍTULO PRIMEIRO**

### **DISPOSICIÓNS XERAIS**

#### **Artigo 1. Denominación e natureza**

Ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución española, coa denominación de *“Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación Ramón Domínguez”*, constitúese unha organización de natureza fundacional, de interese galego, constituída sen ánimo de lucro, o patrimonio da cal está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral que se establecen nestes estatutos.

#### **Artigo 2. Domicilio e ámbito de actuación**

O domicilio da fundación radicará na Área Sanitaria de Santiago, no Complexo Hospitalario de Santiago, sito na Travesía da Choupana, s/n, Código Postal 15706, A Coruña, sendo éste a sede do patronato

Para o mellor cumprimento dos seus fins, a fundación terá una delegación no Hospital Universitario Lucus Augusti, Lugar San Cibrao s/n, Código Postal 27004, Lugo.

Poderá crear outras delegacións en territorio distinto, así como establecer relacións instrumentais con terceiros en calquera ámbito territorial.

O Padroado poderá acordar o cambio de domicilio, mediante a oportuna modificación estatutaria, con posterior comunicación ao Protectorado e inscrición no Rexistro de Fundacións.

O ámbito territorial no que a Fundación desenvolverá as súas actividades exténdese a todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, principalmente das Áreas Sanitarias de Santiago e Lugo.

### **Artigo 3. Personalidade e capacidade**

A Fundación terá personalidade xurídica desde a inscrición da escritura pública de constitución no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, que lle atribúe plena capacidade xurídica e de obrar, podendo realizar en consecuencia todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento dos fins fundacionais, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

### **Artigo 4. Duración**

A fundación constitúese por tempo indefinido. Porén, se nalgún momento os fins propios da fundación se estimasen cumpridos, ou fose imposible a súa realización, o Padroado poderá acordar a extinción, de conformidade co disposto na lexislación vixente e nestes estatutos.

### **Artigo 5. Réxime normativo**

A Fundación rexerase por estes estatutos, polas disposicións que en interpretación e desenvolvemento dos mesmos estableza o Padroado, e en todo caso pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, modificada pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico; polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego; polo Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro polo que se aproba o regulamento do Rexistro de fundacións de interese galego; e polas demais normas que as desenvolvan ou substitúan.

Así mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións, pola Lei 49/2002, de 23 de decembro de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, e polo R.D. 1270/2003, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, así como pola demais normativa que sexa de aplicación, así como demais normas que as desenvolvan ou substitúan.

#### **Artigo 6. Protectorado**

1. A Fundación actuará baixo o Protectorado exercido pola Consellería de Sanidade, segundo o disposto na lexislación vixente.
2. O Protectorado, en exercicio das funcións tuitivas que lle corresponden sobre a Fundación, ostentará as facultades que lle atribúe a lexislación vixente na materia.

## **TÍTULO SEGUNDO**

### **OBJECTO DA FUNDACIÓN**

#### **Artigo 7. Obxecto**

A Fundación ten por obxecto impulsar a investigación, a docencia, o desenvolvemento científico-tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en Ciencias da Saúde, así como a realización de outras actividades que podan contribuir á consecución do obxecto fundacional, caracterizado polo interese Xeral galego.

Con ese propósito, a Fundación servirá de apoio, asesoramento e xestión aos profesionais e investigadores, en dos centros do Sistema Sanitario Público de Galicia e contribuirá eficazmente á consecución dos obxectivos fundacionais, recabando o apoio das entidades

públicas e privadas para os seus fins, realizando labores de difusión e divulgación da actividade investigadora dos centros de investigación de Galicia, aumentando progresivamente de este modo a súa capacidade para competir e a calidade da súa produción científica.

### **Artigo 8. Fins**

Os fins que rexerán a súa actuación son:

1. Dar o soporte necesario nas áreas económico-administrativas, de recursos humanos e de transferencia de resultados do Instituto de Investigación de Santiago (IDIS) desenvolvendo acordos coa Universidade de Santiago para articular o proceso administrativo que permita a integración de todos os grupos do IDIS pertencentes ao Servizo Galego de Saúde ou á Universidade de Santiago de Compostela nunha xestión única.
2. Fomentar a cooperación da sociedade galega, coas institucións sanitarias públicas, en especial coa Universidade de Santiago de Compostela, na consecución dos obxectivos fundacionais.
3. Promover a investigación científica, poñendo a disposición dos investigadores os medios e/ou recursos da Fundación para o desenvolvemento dunha máis alta calidade na prestación dos seus servizos á Comunidade Galega.
4. Propoñer e levar a cabo accións de promoción e dinamización da investigación.
5. Favorecer a colaboración entre os distintos equipos de investigación, así como a relación con outros centros que realicen actividades afíns.
6. Difundir os resultados das actividades investigadoras e facilitar o coñecemento dos avances científicos e tecnolóxicos, fomentando así a súa aplicación
7. Fomentar a valorización e transferencia á sociedade dos resultados de investigación xerados no seu ámbito, a través dunha axeitada protección e xestión do coñecemento
8. Intervir e participar en todos os ámbitos que en xeral estean relacionados con estes obxectivos.

A Fundación dará publicidade suficiente ao seu obxecto e á súa finalidade, así como ás súas actividades para que sexan coñecidas polos seus eventuais beneficiarios.

O desenvolvemento do obxecto fundacional poderá realizarse directamente pola fundación, ou mediante a colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

### **Artigo 9. Actividades fundacionais**

1. A Fundación deberá realizar, en colaboración se procede con Administracións e entidades públicas e privadas, as seguintes actividades en canto resulten convenientes para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior:

a) Captación de recursos económicos para o desenvolvemento dos fins, difusión das convocatorias de axudas existentes entre o persoal do Sistema Sanitario Público de Galicia e xestión das mesmas

b) Concesión de axudas económicas e de becas, de recursos e de medios materiais e de servizos, a institucións e a persoas.

c) Incentivación e participación, directa ou indirecta, no desenvolvemento das actividades doutras entidades ou doutras persoas que realicen actividades coincidentes ou complementarias coas da propia Fundación, en particular en canto á realización de ensaios clínicos, de probas de produtos farmacéuticos e calquera outra actividade clínica no marco das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

d) Organización e xestión directa ou indirecta de cursos, seminarios, xornadas, congresos, programas, proxectos e outras iniciativas.

e) Participación na creación e na actividade de publicacións e doutros instrumentos e medios de difusión de coñecementos, valores e actuacións vinculados aos fins integrantes do obxecto fundacional.

f) Prestación de servizos de apoio á investigación, formativos e educativos.

g) Concertación de convenios de colaboración empresarial ou con Institucións para fomento de actividades de interese desde o punto de vista dos fins fundacionais.

2. A Fundación poderá realizar actividades mercantís que teñan por obxecto o cumprimento dos fins fundacionais, ou sexan complementarias ou accesorias das anteriores, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia. Ademais, poderán intervir en calquera actividades económicas a través da súa participación en sociedades, conforme ao previsto nos apartados 4, 5 e 6 do artigo 33 da Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego, así como no resto da lexislación vixente.

#### **Artigo 10. Liberdade de actuación**

O Padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da fundación, tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, a xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan os máis adecuados ou convenientes en cada momento.

### **TÍTULO TERCEIRO**

#### **REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS**

#### **Artigo 11. Destino das rendas e ingresos**

1. Á realización dos fins fundacionais deberá destinarse polo menos o 70 por cento das rendas e ingresos obtidos, por calquera título ou causa, despois de deducir os gastos realizados para a obtención de tales rendas e ingresos.
2. Para calcular os gastos realizados para a obtención das rendas e ingresos a que se refire o apartado anterior poderá deducirse, se é o caso, a parte proporcional dos gastos por servizos exteriores, dos gastos de persoal, doutros gastos de xestión, dos gastos financeiros e dos tributos, excluindo do devandito cálculo os gastos realizados para cumprir os fins estatutarios.

3. Deberá destinarse a incrementar a dotación ou as reservas, segundo o acordo do padroado, o resto de rendas e ingresos que non deban destinarse a cumprir a obriga establecida no apartado 1 deste artigo, unha vez deducidos os gastos de administración, cuxa contía máxima se determinará regulamentariamente.

Os gastos de administración serán aqueles directamente ocasionados aos órganos de goberno pola administración dos bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación, e aos que os membros do padroado teñen dereito a ser reembolsados por desempeñar o seu cargo, segundo o disposto na lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego.

4. Para o cálculo das rendas e ingresos a que se refire o apartado 1 deste artigo non se incluírán as contribucións ou doazóns recibidas en concepto de dotación patrimonial, no momento da constitución ou nun momento posterior, nin as ganancias obtidas na transmisión de bens ou dereitos afectados á dotación fundacional, sempre que se reinvestan en bens dotacionais.

Así mesmo, non se incluírán os ingresos obtidos na transmisión onerosa de bens inmobles nos cales a entidade desenvolva a actividade propia do seu obxecto ou finalidade específica, sempre que o importe da citada transmisión se reinvesta en bens inmobles en que conorra a devandita circunstancia.

5. O prazo máximo previsto para cumprir a obriga contida no apartado 1 deste artigo será de catro exercicios económicos a partir do momento da súa obtención, sendo o inicial o seguinte a aquel en que se xeraron.

## **Artigo 12. Publicidade das actividades**

A Fundación, no cumprimento dos seus fins de carácter xeral, estará obrigada a dar publicidade dos seus obxectivos e actividades.

O Padroado dará información suficiente dos fins e actividades da Fundación, a través de páxina web, nos termos sinalados no artigo 27 do Decreto 14/2009, de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de Interese Galego, para que sexan coñecidos polos eventuais beneficiarios e demais interesados.

### **Artigo 13. Beneficiarios**

Serán beneficiarios potenciais da Fundacións calquera persoa física que realice ou desenvolva unha actividade comprendida dentro dos fins fundacionais, ou que demanden os servizos ou as axudas que preste a Fundación.

Tamén poderán ser beneficiarias potenciais as entidades de nacionalidade española, dotadas de personalidade xurídica, que con arranxo aos seus estatutos, desenvolvan unha actividade coincidente coa que leve a cabo ou promova a Fundación. Darase carácter preferente aos seguintes colectivos:

- Investigadores galegos ou con especial vinculación coa Comunidade Autónoma de Galicia.
- Institucións e organizacións que desenvolvan actividade investigadora e de innovación en Galicia

A elección dos beneficiarios efectuarase polo Padroado con criterios de imparcialidade e non discriminación, publicidade e concurrencia.

## **TÍTULO CUARTO**

### **ÓRGANOS DA FUNDACIÓN: ÓRGANOS DE GOBERNO E ÓRGANOS DE XESTIÓN**

#### **I – ÓRGANOS DE GOBERNO**



#### **Artigo 14. O Padroado**

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, e do que depende xerarquicamente o órgano de xestión da fundación. Executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nos presentes estatutos.

Correspóndelle ao padroado o cumprimento dos fins fundacionais, a administración dos bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación, mantendo o seu rendemento e utilidade. Os membros do padroado deberán desempeñar as súas funcións coa dilixencia dun representante leal.

O padroado funcionará en pleno e en Comisión Permanente. Aos efectos destes Estatutos, as referencias que se fagan ao Padroado se entenderán como funcionamento en Pleno

#### **Artigo 15. Carácter gratuíto do cargo de patrón**

Os patróns exercerán o seu cargo sen que poidan percibir retribución polo desempeño da súa función.

Os patróns terán dereito a seren reembolsados dos gastos debidamente xustificados que o desempeño da súa función lles ocasione.

#### **Artigo 16. Composición e Organización do Padroado**

1. O Padroado estará composto por un mínimo de 11 e un máximo de 20 membros. A determinación do número de membros, dentro deste máximo e mínimo, pero respectando sempre o número mínimo que requira a presenza de membros natos, fixarase polo propio Padroado. Os patróns que sexan persoas físicas deberán exercer o seu cargo persoalmente; non obstante, poderá actuar no seu nome e representación outro patrón por él designado.

Poderán ser membros do Padroado as persoas físicas que teñan plena capacidade de obrar e non estean inhabilitadas para o exercicio de cargos públicos.

As persoas xurídicas poderán formar parte do Padroado e deberán designar a persoa física que as represente.

Os membros que integren o primeiro Padroado serán designados polos fundadores e constarán na escritura de constitución.

Os membros do Padroado poderán ser natos e membros electivos.

2. O Padroado da Fundación está composto polos seguintes membros:

a) Un/Unha Presidente/a, o/a Xerente da Área de Xestión Integrada de Santiago.

b) Un/unha Vicepresidente/a, o/a Xerente da Área de Xestión Integrada de Lugo.

c) Vogais:

c.1) Natos: serán membros natos os que ostenten os seguintes cargos:

- Os/as Presidentes dos Comités de Investigación de Santiago e Lugo
- O/A Director científico do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago
- Os/as responsables de Investigación dentro do organigrama directivo de Santiago e Lugo.
- O Vicerreitor de Investigación da Universidade de Santiago de Compostela

En caso de que unha mesma persoa ocupe simultaneamente mais de un dos postos anteditos só posuirá unha vocalía.

Os membros natos do Padroado en razón do cargo que ocupan, serano mentres exerzan os respectivos cargos polos que foron designados.

c.2) Electivos:

- Un vogal designado polo Director Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Industria.
- Un Vogal designado pola Universidade de Santiago
- Ate Cinco vogais designados pola Consellería de Sanidade entre profesionáís de recoñecido prestixio, propostos polo Presidente do Padroado e sancionados por éste, dos que a lo menos tres pertencerán a grupos de investigación do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela.
- Outros: electivos por parte do Padroado a proposta do Presidente, do Vicepresidente ou de tres vogáís, tendo que contar co voto positivo de a lo menos dous tercios do Padroado. Nunca poderá superarse o número máximo de membros establecido no artigo 16.1

d) Secretario/a: O/a Director/a da Fundación (con voz, sen voto).

### **Artigo 17. Regras para a designación e substitución dos seus membros**

A designación de novos membros farase polo Padroado que figure inscrito no rexistro de fundacións de interese galego, por acordo adoptado coa maioría absoluta dos seus membros.

Os patróns electivos desempeñarán as súas funcións por períodos de 4 anos, podendo ser reelixidos indefinidamente por iguais períodos, ou ata que a persoa ou institución que os designou decida o seu cambio.

Os patróns natos cesan no momento en que abandonen o cargo que deu lugar ao seu nomeamento.

No caso de cesamento ou renuncia dalgún dos membros electivos por parte do Padroado, corresponderá ao Padroado acordar, se procede, a súa substitución ou non, sempre que o Padroado manteña o número mínimo de membros establecido no artigo 15.

Os membros do Padroado, para o exercicio das súas actividades, deberán aceptar os seus cargos na forma prevista na normativa vixente. As designacións coas correspondentes aceptacións serán comunicadas ao Protectorado e inscritas no Rexistro de Fundacións.

#### **Artigo 18. Formas de aceptación**

Os patróns entrarán a exercer as súas funcións despois de aceptar expresamente o seu cargo. Esta aceptación poderá constar no outorgamento da carta fundacional, en documento público independente, en documento privado coa sinatura lexitimada por un fedatario público, mediante comparecencia realizada ante o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ou perante o Padroado, acreditándose mediante certificación expedida polo/a Secretario/a co visto e praxe do/da Presidente/a.

#### **Artigo 19. O/A Presidente/a**

Correspóndelle ao/á Presidente/a do Padroado as seguintes funcións:

- a) Exercer a representación da Fundación e o seu Padroado ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas
- b) Convocar, presidir, suspender e levantar as sesións, arbitrar as deliberacións do Padroado e decidir os empates co seu voto de calidade
- c) Autorizar a asistencia doutras persoas ás reunións do Padroado en calidade de asesores especialistas dos seus membros, se a súa presenza se cre conveniente pola natureza das cuestións que alí se debatan. Ditos asesores, no exercicio das súas especialidades técnicas, terán voz, pero non voto.

d) Exercer, no caso de urxencia, toda clase de accións, excepcións e recursos xudiciais e administrativos en defensa dos dereitos e intereses da Fundación, dando conta diso na primeira sesión que se celebre do Padroado

e) Nomear aos/ás Presidentes/as das Comisións, aprobadas polo Padroado.

f) Executar os acordos adoptados, podendo para isto realizar toda clase de actos e asinar aqueles documentos necesarios para tal fin

g) Calquera outra función que lle sexa validamente encomendada ou delegada polo Padroado.

#### **Artigo 20. O/A Vicepresidente/a**

Corresponderá ao/á Vicepresidente/a realizar as funcións do/da Presidente/a nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, podendo actuar tamén en representación da Fundación, naqueles supostos en que así se determine por acordo do padroado.

#### **Artigo 21. O/A Secretario/a**

Son funcións do/da Secretario/a custodiar a documentación pertencente á fundación, redactar as actas correspondentes ás reunións do padroado, e a súa transcripción ao correspondente libro de actas, expedir as certificacións e informes que sexan necesarios, e todas aquelas que expresamente lle sexan atribuídas.

Nos supostos de vacante, de ausencia ou de enfermidade, o/a secretario/a será substituído polo vocal que sexa designado pola maioría dos vocais asistentes á reunión.

#### **Artigo 22. Facultades do Padroado**

Na súa actuación, o Padroado deberase axustar ao preceptuado na lexislación vixente e na vontade dos fundadores manifestada nestes estatutos.

Con independencia das funcións que lle atribúen os presentes estatutos e sen prexuízo de solicitar, se é o caso, as preceptivas autorizacións ao Protectorado, a título soamente enunciativo, serán facultades do Padroado:

1. Exercer o goberno, inspección, vixilancia e orientación da fundación.
2. Representar á Fundación en toda clase de relacións, actos e contratos ante o Estado Español, Estados estranxeiros, Comunidades Autónomas, provincias, municipios, autoridades, centros e dependencias da Administración, Tribunais nacionais e internacionais o Tribunais arbitrais, no exercicio de todos os dereitos, accións e procedementos nos que sexa parte a Fundación.
3. Interpretar e desenvolver os presentes estatutos e, se é o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e a mellor consecución dos seus fins.
4. Fixar as liñas xerais de funcionamento da entidade e de distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as actividades da Fundación.
5. Acordar a apertura e peche dos seus centros, oficinas e delegacións.
6. Establecer as directrices de carácter xeral e a planificación estratéxica da Fundación e aprobar os plans xerais, os de calidade total do centro, os económicos financeiros, de obras e de investimentos e a súa periodificación anual, que haberán de quedar reflectidos no orzamento anual da Fundación.
7. Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes, e a revogación dos mesmos.
8. Adoptar as medidas e disposicións convenientes que garantan o mellor cumprimento dos fins establecidos.
9. Aprobar o inventario, o balance anual, a liquidación do presuposto e a conta de resultados, que sexa consecuencia da xestión.
10. Nomear ao/á Director/a e aos demais cargos directivos da Fundación e fixar as súas atribucións.

11. Adxudicar os contratos de obras, servizos e subministracións da Fundación. Esta función poderá ser delegada na Comisión Permanente, conforme aos límites establecidos artigo 29, ou no/na Director/a da Fundación ata o límite fixado polo Padroado de conformidade co disposto na lexislación vixente.
12. Aprobar a política de persoal e o réxime retributivo dentro dos límites legais e en particular a aprobación do cadro de persoal fixando os criterios de selección.
13. Administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación, mantendo plenamente o seu rendemento e utilidade para a consecución dos fins fundacionais.
14. Adoptar os acordos de disposición e gravame sobre os bens mobles e inmobles que constitúan o Patrimonio da Fundación, de conformidade co disposto nas disposicións legais aplicables.
15. Aprobar a memoria anual da Fundación.
16. Aprobar os acordos ou os convenios que considere de interese para o mellor logro dos seus fins, podendo delegar esta función na Comisión Permanente dentro dos límites establecidos no artigo 29.
17. Aprobar os criterios de ordenación de pagos e facturación propostos polo/pola Director/a da Fundación.
18. Acordar o exercicio das accións e excepcións que considere oportunas, así como os recursos e reclamacións xudiciais e administrativas en defensa dos dereitos e intereses da Fundación.
19. Aceptar doazóns cando leven consigo algunha condición o causa onerosa, así como os legados e herdos a beneficio de inventario; non obstante para repudialas e para aceptalas necesitarase a autorización expresa do Protectorado.
20. Establecer as Comisións ou Grupos de Traballo que considere convenientes para a consecución dos obxectivos da Fundación.
21. Conferir apoderamento ou delegar a súas funcións con suxeición á normativa vixente no/na Director/a da Fundación, as comisións que se constitúan e cargos directivos da Fundación, así como encomendar ás entidades aspectos concretos de xestión

investigadora e docente. Non son delegables, a aprobación das contas e de proxecto de presuposto nin aqueles actos que requiran a autorización do Protectorado.

22. Adoptar os criterios de imaxe institucional da Fundación e os seus signos distintivos, así como autorizar o seu uso, adoptar o logotipo, selo ou selos como imaxe representativa da Fundación e autorizar o seu uso na forma que considere oportuna.
23. Elaborar e aprobar dentro dos últimos tres meses de cada exercicio un Plan de actuación da Fundación do exercicio seguinte.
24. Redactar, se o considera procedente, un Regulamento de Réxime Interno que concrete e desenvolva os presentes estatutos, sempre que non leve consigo a modificación destes, en cuxo caso procederase conforme ao procedemento establecido na lexislación vixente.
25. Aprobar as normas e procedementos para a apropiada operatividade da Fundación.
26. Fixar a política de concesión de axudas á investigación ou á formación no ámbito fundacional e autorizar a disposición dos bens da fundación a título gratuíto sempre que con dita disposición se cumpran directamente os fins fundacionais.
27. Someter á aprobación do Protectorado da Xunta de Galicia os acordos que a precisen.
28. Calquera outra función non expresamente encomendada nestes estatutos a outros órganos da Fundación, que resulte necesaria para o mellor logro e cumprimento dos fins fundacionais.

Os membros do Padroado terán voz e voto e poderán delegar as súas facultades en un ou máis patróns, no caso de enfermidade ou ausencia xustificada. Non serán delegables en ningún caso:

- A aprobación das contas anuais e do plan de actuación.
- A modificación dos estatutos.
- O acordo de fusión, extinción ou liquidación da Fundación.
- Calquera acto que precise a autorización ou aprobación do Protectorado.



### **Artigo 23. Dereitos e obrigas dos membros do padroado**

1. Son dereitos dos membros do padroado:

- a) Recibir a convocatoria coa orde do día e asistir ás xuntanzas dos órganos dos que formen parte
- b) Exercer o dereito de voto
- c) Obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións

2. Son deberes dos membros do padroado:

- a) Cumprir e facer cumprir os fins fundacionais
- b) Administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación mantendo o seu rendemento, utilidade e produtividade segundo os criterios económico-financeiros dun bo xestor.
- c) Asistir as xuntanzas do Padroado e velar pola legalidade dos acordos que nelas se adopten
- d) Realizar os actos necesarios para a inscrición da Fundación no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

### **Artigo 24. Responsabilidades dos patróns**

Os patróns deberán desempeñar o seu cargo coa dilixencia dun representante leal.

Os patróns responderán solidariamente fronte á fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou ós estatutos ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o cargo. Quedarán exentos de responsabilidade os que votasen en contra do acordo e os que proben que, non intervindo na súa adopción e execución, descoñecían a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos, se opuxeron expresamente a aquel.

## **Artigo 25. Cesamento e suspensión dos membros do padroado**

O cesamento e suspensión dos membros do padroado producirase nos supostos previstos no artigo 24 da Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Cando o cesamento dalgún dos patróns sexa por calquera das causas contidas neste artigo, substituirase mediante o nomeamento dun novo Patrón, nun prazo máximo de dous meses despois do acordo do Padroado por maioría absoluta dos seus membros.

A renuncia ao cargo de patrón poderá facerse por calquera dos medios e cos trámites previstos para a aceptación, e será efectiva desde o momento en que se lle notifique ao órgano de goberno da Fundación.

O cesamento e suspensión dos membros do padroado comunicarase ao Protectorado e inscribirase no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

## **Artigo 26. Reunións do padroado**

O Padroado reunirase en sesión ordinaria polo menos dúas veces ao ano, para a aprobación da liquidación orzamentaria, as contas anuais, o Plan de Actuación e os obxectivos da xestión, e tantas veces como sexa preciso para a boa marcha da Fundación.

O padroado reunirase despois da convocatoria da secretaría, por orde da presidencia, por propia iniciativa desta ou a petición das dúas terceiras partes dos membros do padroado.

A convocatoria expresará a orde do día, así como o lugar, data e hora da reunión, comunicarase por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción, e farase

chegar a cada un dos membros, polo menos, con nove días de anticipación á data da súa celebración, de tratarse dunha convocatoria ordinaria, ou de 48 horas, de tratarse dunha convocatoria extraordinaria.

Non será precisa convocatoria previa cando, estando presentes tódolos patróns, acorden por unanimidade a celebración da reunión e a correspondente orde do día.

### **Artigo 27. Formas de deliberar e adoptar acordos**

O Padroado entenderase validamente constituído cando concorran, presentes ou representados, polo menos a metade máis un dos seus membros.

Os acordos serán inmediatamente executivos e adoptaranse por maioría absoluta dos asistentes, sendo dirimente en caso de empate o voto do/da Presidente/a. Non obstante requirirase o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes sempre que, ademais, supoña maioría absoluta dos seus membros, para aprobar os acordos que se refiran á reforma ou modificación dos estatutos, á disposición de bens a título gratuito, á fusión e á extinción da fundación.

Das reunións do padroado levantarase acta polo/pola Secretario/a, que deberá ser aprobada na mesma ou seguinte reunión. A acta recollerá a relación das persoas asistentes, a orde do día, un desenvolvemento sucinto das intervencións e os acordos adoptados que se produciran. Unha vez aprobada transcribírase no correspondente libro de actas e será asinada polo/pola Secretario/a co visto e prace do/da Presidente/a, expedíndose de igual modo as certificacións dos acordos.

### **Artigo 28.- A Comisión Permanente**

1. Formarán a Comisión Permanente:

- O/a Presidente do Padroado.
- O/a Vicepresidente.
- Os presidentes dos Comités de Investigación de Santiago e Ligo
- Tres dos vogáis designados pola Consellería de Sanidade entre profesionáis de recoñecido prestixio, elixidos por sorteo, dos que a lo menos dous pertencerán a grupos de investigación do Instituto de Investigación Sanitaria.

Formará tamén parte da Comisión Permanente, con voz pero sen voto, o/a Director/a da Fundación, que actuará como secretario.

2. A Comisión Permanente reunirse a convocatoria do seu Presidente ou a petición de polo menos dous dos seus membros. Os requisitos de convocatoria, quórum e adopción de acordos serán os mesmos establecidos para o Padroado

**Artículo 29.- Funcións da Comisión Permanente**

A Comisión Permanente exercerá as seguintes funcións:

- a) Realizar o seguimento da execución das decisións adoptadas polo Padroado
- b) Realizar o seguimento da execución presupostaria da Fundación.
- c) Aprobar, por delegación do Padroado, os convenios a subscribir pola Fundación.
- d) Conformar os Presupostos, as Contas e outros informes preceptivos para a súa presentación e aprobación polo Padroado.

e) Autorizar, por delegación do Padroado, os contratos de obras, de servizos e subministracións e calquera outros que puidese concertar para o cumprimento dos seus fins.

f) Autorizar a creación de ficheiros de datos de carácter persoal e a súa inscrición na Axencia Española de Protección de Datos.

g) En casos de urxencia ou necesidade a Comisión Permanente poderá tomar todas aquelas decisións que sexan necesarias para a boa marcha das actividades da Fundación, agás aquelas que sexan indelegables conforme á lexislación vixente, debendo someterse a ratificación polo padroado.

h) Aquelas outras tarefas que lle delegue o Padroado.

## **II – ÓRGANOS DE ASESORAMENTO E XESTIÓN**

### **Artigo 30. Consellos asesores e comisións de estudo**

O Padroado poderá crear consellos asesores e comisións de estudo, así como órganos similares con funcións de apoio e asesoramento, para o mellor desenvolvemento dos fins fundacionais.

A creación, modificación e supresión destes órganos, e o nomeamento e cesamento dos seus membros, deberá ser notificado ao Protectorado e inscrito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

### **Artigo 31. Director/a**

O Padroado poderá acordar a contratación dun/dunha Director/a con competencias en materia de xestión e administración da fundación. Poderá ser desempeñada por unha persoa física ou xurídica con acreditada solvencia técnica ao respecto.

A Fundación formalizará co/coa Director/a o contrato ou nomeamento adecuado ao seu cometido fundacional, por acordo das partes conforme ás disposicións aplicables á materia. A duración do contrato non poderá ser superior a catro anos, se ben poderá ser prorrogado por acordo das partes.

### **Artigo 32. Funcións do/da Director/a**

Corresponderán ao/á Director/a da Fundación as seguintes funcións:

- a) Executar e facer cumprir os acordos do Padroado e as instrucións do/da Presidente/a impartidas no marco das súas atribucións.
- b) Exercer, por delegación do/da Presidente/a, a representación da Fundación, sen prexuízo da representación que corresponda ao/á Vicepresidente/a nos supostos de ausencia do/da Presidente/a.
- c) Propoñer e executar as estratexias e políticas de actuación da Fundación.
- d) Dirixir, xestionar e inspeccionar, de acordo coas directrices do Padroado, a organización e actividades da Fundación, que conduzan á consecución e mantemento dun alto nivel nos fins da mesma.
- e) Establecer, aprobar e facer cumprir as normas de funcionamento interno da Fundación, adoptando as medidas necesarias para a súa aplicación en cada unha das súas unidades organizativas.
- f) Elaborar e propoñer ao Padroado o proxecto de presuposto anual de gastos e ingresos e as súas revisións, con suxeición á normas legais.
- g) Administrar o patrimonio de acordo coas leis e atribucións conferidas polo Padroado.
- h) Proceder ao ordenamento de pagos e xestión de tesourería de acordo cos criterios aprobados polo Padroado.
- i) Realizar a adquisición de bens, así como a contratación de obras e servizos, dentro dos límites de delegación ou apoderamento outorgados polo Padroado.
- j) Propoñer ao Padroado o nomeamento e cesamento dos cargos directivos da Fundación.

k) Desenvolver a política de persoal deseñada polo Padroado e, a tal fin, concertar ou rescindir relacións laborais, seleccionar ao persoal, acordar as sancións e executar os acordos do Padroado sobre réxime retributivo.

l) Informar regularmente ao Padroado dos resultados de xestión, operativos e financeiros e, especificamente, preparar a memoria do exercicio e balance de situación.

ll) Propor, co obxecto de que a Fundación poida desenvolver os fins encomendados, as relacións e competencias da Fundación dentro do normal funcionamento do Complexo Hospitalario, así como propoñer a creación das comisións que considere necesarios.

m) Exercer, no caso de urxencia, por delegación do Presidente as accións, excepcións, recursos e reclamacións xudiciais e administrativas necesarias en defensa dos dereitos e intereses da Fundación dentro dos límites legalmente establecidos, dando conta ao Padroado na primeira sesión que se leve a cabo.

n) Dirixir e, no seu caso, executar as tarefas de xestión e administración ordinarias da Fundación.

### **Artigo 33. Unidade Técnica**

Baixo a dirección e supervisión do/da Director/a da Fundación, constituirase unha Unidade Técnica encargada de proporcionar aos investigadores o necesario soporte administrativo e técnico.

Corresponde ao Padroado, por proposta do/da Director/a da Fundación, aprobar a estrutura organizativa e o cadro de persoal e determinar os medios a disposición da Unidade Técnica. En todo caso, a estrutura aprobada contemplará a existencia dunha unidade á que se encomendará a xestión de todos os recursos da Fundación.

A Unidade Técnica encargarase das seguintes funcións:

- a) Difundir entre o persoal investigador a convocatoria das bolsas e axudas promovidas por calquera organismo nacional, estranxeiros e internacionais, facilitando aos investigadores o trámite e seguimento das solicitudes
- b) Xestionar os recursos asignados aos proxectos de investigación, facilitando e fomentando a súa utilización compartida polos diferentes investigadores ou grupos de traballo
- c) Proporcionar aos investigadores o persoal e soporte técnico ou de apoio que precisen nas súas tarefas
- d) Facilitar a cooperación entre os investigadores da Fundación e os doutros centros tanto nacionais como estranxeiros.
- e) Difundir os resultados da investigación, aprobados polo Padroado
- f) Xestionar os procesos de valorización e transferencia dos resultados de investigación
- g) Todas aquelas outras actividades dirixidas a mellorar a calidade e eficiencia da actividade que realicen os investigadores da Fundación.

#### **Artigo 34. Unidade de Soporte do Instituto de Investigación Sanitaria**

Baixo a dirección e supervisión do/da Director/a da Fundación, e dentro da Unidade Técnica, constituirase unha Unidade Específica de Soporte do Instituto de Investigación Sanitaria, en cumprimento do establecido no artigo 3.c do Real Decreto 339/2004, do 27 de febreiro, sobre acreditación de institutos de investigación sanitaria.

### **TÍTULO QUINTO**

#### **RÉXIME DE PERSOAL**

#### **Artigo 35. Réxime de persoal**

O réxime xurídico do persoal contratado pola Fundación axustarase ás normas de dereito laboral, coas garantías que a tal efecto establece o Estatuto dos Traballadores.



A selección do persoal pola Fundación efectuarase mediante convocatoria pública axustada aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

A Fundación poderá establecer, para a contratación de persoal investigador, contratos laborais de carácter temporal para realizar proxectos de investigación determinados e outras actividades vinculadas á investigación nos termos establecidos na lexislación laboral xeral e nas convocatorias de axudas e subvencións.

Os profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde poderán incorporarse aos proxectos de investigación xestionados ou liderados pola Fundación, sen modificación algunha na relación xurídica que os vincule co Servizo Galego de Saúde ou o propio centro, sempre de acordo co disposto na lexislación sobre incompatibilidades.

En todo caso, o persoal ao servizo da Fundación, os investigadores, bolseiros e profesionais sanitarios que participen en programas e proxectos de investigación, estará sometido ás especiais normas éticas e de deontoloxía que sinalan as normas de réxime interno da Fundación (de existir éstas), e, no seu caso, ao réxime de incompatibilidades vixente para os traballadores do sector público, así como ás normas xerais de abstención e recusación vixentes naquel.

## **TÍTULO SEXTO**

### **RÉXIME ECONÓMICO**

#### **Artigo 36. Patrimonio fundacional**

O patrimonio da Fundación está integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica que integren a dotación, así como por aqueles que adquiera a fundación con posterioridade á súa constitución, aféctense ou non á dotación.

Uns e outros deberán figurar a nome da fundación, constar no seu inventario e no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

O Padroado promoverá, baixo a súa responsabilidade, a inscrición a nome da Fundación dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio nos rexistros públicos correspondentes.

### **Artigo 37. Adscrición do patrimonio fundacional**

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ao cumprimento dos fins que a Fundación persegue, nos termos establecidos na lexislación vixente e nos estatutos.

### **Artigo 38. Financiamento**

A Fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e, se fora o caso, con aqueles outros procedentes das axudas, subvencións ou doazóns que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas.

A Fundación poderá percibir cantidades derivadas de actividades e servizos directamente prestados por ela aos seus beneficiarios sempre que:

- a) Non desvirtúe o interese xeral para a Comunidade Autónoma.
- b) Non sexan contrarios a vontade fundacional
- c) Non implique unha limitación inxustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios.

Na xestión económico-financeira, a Fundación rexerese de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

#### **Artigo 39. Plan de actuación**

O Padroado elaborará e remitirá ao Protectorado nos últimos tres meses de cada exercicio, un Plan de actuación no que se conteñan os obxectivos e as actividades que se teña previsto desenvolver no exercicio seguinte, xunto coa previsión de ingresos e gastos e a memoria explicativa do mesmo. Este plan de actuación deberase presentar ao Protectorado acompañado da certificación de aprobación por parte do Padroado da Fundación, que as depositará no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

#### **Artigo 40. Contas anuais**

A Fundación levará unha contabilidade ordenada e adecuada á súa actividade, que permita o seguimento cronolóxico das actuacións realizadas. Para iso, contará cun Libro Diario, Libro de Inventarios e Contas Anuais.

O Padroado ou a persoa que este designe, formulará as contas anuais que deberán ser aprobadas polo Padroado no prazo de seis meses desde o peche do exercicio económico, e presentaranse ante o Protectorado no prazo de vinte días hábiles seguintes á súa aprobación para o seu exame e posterior depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

As contas anuais, que comprenden balance, conta de resultados e memoria, forman unha unidade, deben ser redactadas con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación. Presentaranse asinadas pola presidencia, ou pola persoa á que segundo os estatutos lle corresponda formularlas.

A memoria completará, ampliará e comentará a información contida no balance e na conta de resultados, e incorporará un inventario dos elementos patrimoniais da Fundación. Ademais, incluírase na memoria as actividades fundacionais, os cambios no órgano de goberno, dirección e representación, así como o grado de cumprimento do plan de actuación, indicando os recursos empregados, a súa procedencia, o número de beneficiarios en cada unha das distintas actuacións realizadas, os convenios que no seu caso se subscribirán con outras entidades para estes fins, así como o grado de cumprimento do destino de rendas e ingresos.

As contas anuais someteranse a auditoría externa, remitindo ao protectorado o informe da mesma xunto coas contas anuais, nos casos previstos legalmente.

#### **Artigo 41. Exercicio económico**

O exercicio económico da Fundación iníciase o 1 de xaneiro e remata o 31 de decembro.

### **TÍTULO SÉTIMO**

#### **DA MODIFICACIÓN, FUSIÓN, ESCISIÓN OU EXTINCIÓN**

##### **Artigo 42. Modificación de estatutos**

Por acordo do Padroado, poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que resulte conveniente aos intereses da Fundación e se cumpran os requisitos previstos nestes estatutos e na lexislación vixente.

Procederáse á dita modificación cando as circunstancias que presidiron a constitución da fundación tivesen variado de tal maneira que esta non poda actuar satisfactoriamente de conformidade cos estatutos en vigor.

As modificacións de estatutos deberán ser formalizadas en escritura pública e inscritas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. Así mesmo, deberá ser comunicada ao Protectorado, que só poderá opoñerse por razóns de legalidade, no prazo máximo de tres meses, contados dende a dita notificación

#### **Artigo 43. Fusión e/ou escisión**

A Fundación poderase fusionar con outra ou outras, logo do acordo dos respectivos Padroados, o cal debe comunicarse ao Protectorado xunto cunha memoria acreditativa das circunstancias que aconsellan a fusión fronte a outras posibles alternativas e informando das condicións pactadas coas fundacións afectadas.

Ademais, remitiranse os estatutos da Fundación resultante da fusión e a identificación dos membros do primeiro Padroado.

A fusión requirirá o outorgamento de escritura pública e a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. A devandita escritura pública conterá os estatutos da fundación resultante da fusión, así como a identificación dos membros do seu primeiro padroado.

O acordo da fusión deberá ser aprobado co voto favorable das 2/3 partes dos patróns asistentes á reunión, sempre que representen a maioría absoluta dos membros do Padroado e deberá ser comunicado ao Protectorado con anterioridade ao outorgamento da escritura pública, que posteriormente inscribírase no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Igualmente o Padroado poderá aprobar a escisión de parte da Fundación, nos termos e cos requisitos legalmente establecidos

#### **Artigo 44. Extinción da fundación**

A Fundación extinguirase polas causas e de acordo cos procedementos establecidos pola lexislación vixente, sendo necesaria a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. No caso de extinción por terse realizado integramente o fin fundacional ou por imposibilidade material ou xurídica para a súa realización requirirase o acordo do Padroado ratificado polo Protectorado.

#### **Artigo 45. Liquidación e adxudicación**

A extinción da fundación, excepto nos casos que sexan consecuencia dunha fusión, determinará a apertura do procedemento de liquidación, que será realizada polo Padroado baixo o control do Protectorado. Sen prexuízo disto o Padroado poderá apoderar ou delegar a execución material dos seus acordos relativos ao proceso de liquidación.

O Padroado deberá realizar as seguintes actuacións:

- a) Confección do inventario e balance de situación da Fundación na data de inicio da liquidación.
- b) Finalización das operacións de xestión que estaban iniciadas ao acordar a extinción, así como de novas que teñan que levarse a cabo coas limitacións previstas
- c) Cobro dos créditos pendentes, cancelación de débedas cos acredores de todo tipo e polo orde de prelación establecida
- d) Calquera outra actuación que sexa conveniente ou necesaria para os interesados no procedemento.

Os bens e dereitos resultantes da liquidación reverterán preferentemente a favor do Servizo Galego de Saúde. Se por calquera circunstancia iso non fora posible, e de acordo co establecido na lexislación vixente, corresponderá ao Padroado designar as entidades receptoras de tales bens, que serán fundacións ou entidades non lucrativas privadas ou públicas que persigan fins de interese xeral e que teñan afectados os seus bens, incluso para o

suposto de disolución, á consecución daqueles fins, considerados como entidades beneficiarias do mecenazgo aos efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

#### **Artigo 46. Adopción dos acordos e comunicación e inscrición no Rexistro**

Para a adopción dos acordos de modificación, fusión, escisión, extinción e liquidación, será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes sempre que, ademais, supoña a maioría absoluta dos seus membros.

Os ditos acordos serán comunicados e/ou autorizados polo Protectorado aos efectos de cualificación de legalidade, formalizados en escritura pública e inscritos no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

#### **CLÁUSULA ADICIONAL**

En todo caso, o previsto nos presentes estatutos non implica limitación ou substitución nas competencias que ao Protectorado atribúe a lexislación vixente, e moi especialmente en relación coas autorizacións ou limitacións a que a Fundación expresamente se somete.